

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

##### Non asiste:

D. Jorge Serafín Allegue Freire

##### Secretaría:

Dna. Ana Ramos Ramos.

##### Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día catorce de setembro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaría e a Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día:

#### **1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº14/2017.**

A Secretaría da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA  
SESIÓN: EXTRAORDINARIA DE DATA XOVES 31 DE AGOSTO DE 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000014**

**Sesión nº: 17/2015-2019**

#### **1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº14/2017.**



A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**(Expediente: 2017/G006/000158 - EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 14/2017)**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 78 e 79/2017, todos de agosto de 2017.

Visto que da liquidación do orzamento de 2016 resultou un Remanente de tesourería para gastos xerais positivo por mporte de 941.244,38 euros, e que o superávit orzamentario derivado da liquidación do exercicio 2016 ascendeu a 69.963,78 euros.

Visto que o destino do dito remanente ven regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), na súa redacción dada polo apartado once do artigo primeiro da LO 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público,

Visto que a Disposición adicional sexta da dita norma regula as Regras especiais para o destino do superávit orzamentario,

Visto que a definición do que se entende por investimento financeiramente sostible ven regulada na disposición adicional decimosexta do real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), na súa redación dada pola disposición final primeira do RD Lei 2/2014 de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, vixente dende o 22 de febreiro de 2014.

E visto que a anterior lexislación ven prorrogada pola Disposición adicional nonaxésima sexta da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2017, relativa ao "Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2016"

De conformidade co previsto nos artigos 82.3 e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 14/2017 na modalidade de crédito extraordinario e co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque, esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA** para o seu ditame pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda:

**PRIMEIRO.-** Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de 111.592,68 euros, dacordo co seguinte:

Crédito extraordinario por importe de 69.823,38 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Denominación	Importe	Subconcepto
323.KM.61900	Reposición entorno escola unitaria Ombre	53.925,17	KM.87000
160.KO.61900	Renovación rede saneamento na Av. Doctor Villanueva-Pontedeume	15.898,21	KO.87000

**SEGUNDO.-** Aprobar o Suplemento de crédito para investimentos financeiramente sostibles por importe de 41.769,30 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Denominación	Importe	Subconcepto
-----------------	--------------	---------	-------------

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

453.KL.61900	Mellora pavimentación vial en igrexa San Martiño de Andrade	23.388,82	KL.87000
453.KN.61900	Mellora pavimentación de vial en Ínsua	18.380,48	KN.87000

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume, a luns 28 de agosto de 2017.”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Marta Pico Machado e Dna. Silvia Fornos Permuy, e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez, Dna. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García”

A presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que este expediente xérase tendo en conta as magnitudes da conta xeral, e que o remanente de Tesourería permite gastos e actuacións financeiramente sostibles. Di que tal e como se comentaba na comisión, o goberno optou por utilizar parte dese remanente, sendo precavidos, xa que non se ten rematado o ano, e destinalo ás actuacións recollidas na proposta, que xustifica na necesidade de actuación naquelas.

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, que comeza a súa intervención facendo alusión ao carácter extraordinario da sesión, unha vez mais, o que considera manifesta desorde, incapacidade e deixadez..., unha falla de organización en xeral do goberno local. Sobre o contido do expediente, indica que se trata “unha máis de tantas” e fai alusión ás modificacións do exercizo anterior, que se aprobaron aínda tendo presuposto aprobado. Ve unha falla de xestión do goberno municipal ante as distintas administracións, poñendo como exemplo a escola unitaria, a pavimentación do vial, que segundo indica se estaba en conversas coa demarcación de Costas, e considera que o arranxo da rede de saneamento é competencia da empresa concesionaria do servizo e non do concello, considerando que eses cartos poderían ser empregados en actuacións noutras necesidades das distintas parroquias. Conclúe a súa intervención facendo unha crítica á asistencia de D. Bernardo Fernández Piñeiro ao acto de comezo dunha actividade deportiva fóra do Concello e anuncia o voto favorable do seu grupo porque considera que que son obras necesarias.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA que desculpa a ausencia de D. Xurxo Allegue por motivos laborais e anuncia o voto favorable á proposta xa que se trata de actuacións necesarias, se ben entende que as actuacións da proposta son unha elección do goberno local, xa que as necesidades son moitas e variadas.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro, que defende a celebración de Plenos extraordinarios que fundamenta na existencia de expedientes que hai que tramitar, o que demostra que se traballa, recordando que en mandatos anteriores había Plenos en cuxa orde do día non se contemplaba a a adopción de acordo algún. Defende a modificación de crédito obxecto da proposta, que xustifica na espera da prórroga dos orzamentos do estado, que non foron prorrogados ata o verán e, por tanto, non se tiveron os datos. Ademais considera a modificación plantexada unha consecuencia do día a día da actividade municipal. Xustifica as actuacións e contradí ao portavoz do PP en canto a obra de saneamento non se trata dun arranxo, se non da substitución da conducción danada polo paso do tempo, o que corresponde ao Concello, e pon como exemplo unha actuación similar na parroquia de Ombre co goberno



anterior. Di que o vial a pavimentar non está afectado por "Costas", indicando que se buscaron actuacións que non tiveran que ser sometidas a informes sectoriais. Defende a súa asistencia a actos públicos como Deputado provincial e a súa adicación ao Concello.

Intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo, que reitera no contido da súa intervención.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de 111.592,68 euros, dacordo co seguinte:

Crédito extraordinario por importe de 69.823,38 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Denominación	Importe	Subconcepto
323.KM.61900	Reposición entorno escola unitaria Ombre	53.925,17	KM.87000
160.KO.61900	Renovación rede saneamento na Av. Doctor Villanueva-Pontedeume	15.898,21	KO.87000

**SEGUNDO.-** Aprobar o Suplemento de crédito para investimentos financeiramente sostibles por importe de 41.769,30 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Denominación	Importe	Subconcepto
453.KL.61900	Mellora pavimentación vial en igrexa San Martiño de Andrade	23.388,82	KL.87000
453.KN.61900	Mellora pavimentación de vial en Ínsua	18.380,48	KN.87000

## 2.- CONTA XERAL 2016.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**(Expediente: 2017/G006/000160 -CONTA XERAL 2016. )**

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 11/07/2017 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercizo 2016 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

**1. BALANCE DE SITUACIÓN:** 28.189.164,43 euros (activo e pasivo).

### **2. RESULTADO ORZAMENTARIO:**

<b>DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS</b>	
<b>a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras</b>	<b>6.028.069,12</b>
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	5.569.481,31
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	458.587,81
<b>b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros</b>	<b>3.288,76</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros</b>	0
<b>Total dereitos recoñecidos</b>	<b>6.031.357,88</b>
<b>a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras</b>	<b>5.640.345,36</b>
a.1. <i>Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)</i>	5.146.363,14
a.2. <i>Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)</i>	493.982,22
<b>b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros</b>	3.200,00
<b>c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros</b>	0,00
<b>Total obrigas recoñecidas</b>	<b>5.643.545,36</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>	<b>387.812,52</b>
<b>AXUSTES</b>	
(+) <i>Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais</i>	34.660,00
(+) <i>Desviacións de financiamento negativas do exercicio</i>	182.396,46
(-) <i>Desviacións de financiamento positivas do exercicio</i>	292.215,31
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>	<b>312.653,67</b>

### 3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos		1.232.983,86
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		7.213.944,73
2.a. Do orzamento corrente	907.728,90	
2.b De orzamentos pechado	6.289.163,35	
2.c De operacións non orzamentarias	17.052,48	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		6.686.374,51
3.a. Do orzamento corrente	817.030,41	
3.b. De orzamentos pechados	5.609.318,17	
3.c. De operacións non orzamentarias	260.025,93	
4. Partidas pendentes de aplicación		-3.745,72
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	148.354,35	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	144.608,63	



I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	1.756.808,36
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	696.356,94
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	119.207,04
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	941.244,38"

**4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:**

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2016 (capítulos 1 a 7)	6.028.069,12
Créditos liquidados presupuesto 2016 (capítulos 1 a 7)	5.640.345,36
TOTAL (a – b)	387.723,76
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	73,38
2) Axustes recadación capítulo 2	-1.405,20
3) Axustes recadación capítulo 3	-23.569,95
4) Axuste por Participación en Tributos do Estado	21.748,03
5) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-314.606,24
<b>TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>69.963,78</b>

**5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO**

Gasto computable	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	5.640.345,36
2. Axustes SEC (2016)	-314.606,24
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	5.325.739,12
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	448.936,26
6. Outros (investimentos financeiramente sostibles financiados con RTGG)	0,00
<b>7. Total Gasto computable Liquidación 2016</b>	<b>4.876.802,86</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº134 de 17.07.2017.

Visto que durante o dito prazo, máis oito días seguintes, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía propón ao Pleno:

**PRIMEIRA:** A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2016, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercizo 2016 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública

**SEGUNDA:** Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente na data indicada na marxe."

A presidencia abre a quenda para o debate, indicando que é o resultado positivo da totalidade da Conta Xeral o que permite, como se acaba de ver, usar o remanente por primeira vez en bastante tempo. Considera positiva a xestión económica do concello e fai alusión ao proceso de contratación dun/ha administrativo/a para o departamento de Tesourería.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo romeo quen di que os estados preséntanse conforme coas normas e principios contables, tratándose de análises simples de información económica e patrimonial. Remítese ás anomalías en materia de ingresos e aos reparos, dos que hai que dar conta ao Tribunal de Contas, e ao contido dos informes, en referencia a que se están a sufragar gastos que non son competencia municipal. Considera que non hai orde, nin proxecto nin previsión, que non se está a traballar e que non se está a cumprir o orzamento, en alusión aos distintos expedientes de modificación e recoñecemento extraxudicial de créditos. Fai referencia ás obrigas pendentes e lembra que proximamente remata o contrato coa empresa concesionaria do servizo de augas "Viaqua", de cuxos recibos pendentes afectan á contabilidade municipal xa que non hai padróns e polo tanto, a situación non é real. Alude tamén aos reparos de legalidade no que respecta ás contratacións de servizos e á tramitación sen "proxecto de gasto". Remata a súa intervención dando os parabéns ao equipo do Departamento de Intervención e anuncian a súa intervención ante a pasividade do grupo de goberno.

Toma a palabra Dña. Ana Veira García que considera que o que queda por mirar é como se vai levar a cabo o que se di no informe (consellos, indicacións...) e que, á falla dunha análise máis pormenorizada, o seu voto será a abstención.

Intervén D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente remítese aos distintos servizos municipais que están sen contratar dende os anteriores mandatos: recollida de enseres, abastecemetno eléctrico, conserxerías, telefonía..., defendendo o traballo do actual goberno no avance na tramitación da contratación, poñendo como exemplo o servizo de axuda no fogar o que levaba oito anos de contratación irregular. Considera que o portavoz do PP trata



de confundir cando fala dos importes nos reparos e non en número, xa que de 124 reparos, antes, agora contemplanse 19. Xustifica os datos dados á prensa nos datos facilitados polos departamentos municipais en cada momento. Defende a xestión do goberno local en materia de ingresos, tendo depurado a Tesourería e contratado persoal e fai alusión á problemática de Viaqua, que ten solicitado certa información sen que se lle tivera dado resposta, considerando que esta problemática non ten que ver coa situación económica do Concello. Conclúe a súa intervención remitíndose ao resultado positivo da conta xeral, fundamentando en que se trata dos mesmos cálculos, pero con distinto resultado, en referencia a que agora os números son positivos e antes non o eran, sumándose á felicitación do portavoz do PP ao traballo do Departamento da Intervención Municipal.

Intervén, de seguido, D. Francisco Javier Crespo Romeo facendo referencia ás facturas que ten pendente de pagamento o concello, que cifra en cinco millóns de euros e agora un millón e pico máis. Defende a súa intervención e remítese á contradicción nos datos dados polo Alcalde nas redes sociais.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro defendendo a xestión do goberno e a veracidade dos datos feitos públicos.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por 7 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, e Dna. Marta Pico Machado; **e 5 abstencións** dos/as membros do Grupo Municipal do PP (4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA(1): Dna. Ana María Veira García, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2016, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2016 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública

**SEGUNDO:** Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas.

### **3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 49.2017 SOBRE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS E NOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS. CONTA XERAL 2016.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

**(Expediente: 2017/G006/000163 - DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 49.2017 SOBRE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS. CONTA XERAL 2016.)**

*Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de contas, en sesión Extraordinaria celebrada o día martes 11 de xullo de 2017, do Informe da Intervención Municipal 49.2017 sobre resolución de discrepancias e anomalías en materia de ingresos. Conta Xeral 2016, e en cumprimento do sinalado no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias*

**1.** *El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*

*Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.*

*El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.*

**2.** *Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*

**3.** *El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.*

***Dáse conta ao Pleno do Informe da Intervención Municipal 49.2017 sobre resolución de discrepancias e anomalías en materia de ingresos. Conta Xeral 2016.***

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fenández Piñeiro, Alcalde-Presidente, na data indicada na marxe.”*

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e sete minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

